

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 24 DE XANEIRO DO 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e catro de xaneiro de dous mil once a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez e Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 17 de xaneiro do dous mil once (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Gestima S.L., con data RE 19 de enero de 2011 N° RE 306, relativo a solicitud de protección necesaria para poder prestar o servicio debidamente.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

1.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Don Alfonso Rios Alen**, con domicilio a efectos de notificación en Orega, Leiro, con número de rexistro de entrada 6533. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 20.01.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en Rúa Muñoz Calero 52 (Ref. Catastral 1031509NG7813S0074QO), a solicitude de **Don Alfonso Rios Alen**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Don Francisco J. Bouzas Rodríguez**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Progreso 50, baixo, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 7010. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 18.01.11. A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en Rúa Hermanos Alvarez Araujo 11 (Ref. Catastral 1025402NG7812N0001TQ), a solicitude de **Don Francisco J. Bouzas Rodríguez**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicacion do Juzgado de lo Social N° 1, con data RE 18 de xaneiro de 2011 N° RE 277, relativo a procedemento ordinario 0000013/2011.
A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda proceder ao estudio do letrado para esta actuación.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

1. Dase conta do informe da Policia Local N° 26/2011, con data RE 19 de xaneiro de 2011 N° RE 336, relativo a desbordamento rio e inundacion Calle Consello.

NOMEAMENTO DE AVOGADO.-

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes nomear como letrado no procedemento ordinario n° 456/2010, ante o Xulgado Contencioso Administrativo n° 1 de Ourense a Don Ángel Pazos Huete.

OUTORGAMENTO LICENCIA DE APERTURA.-

Visto o escrito de Dona **Susana Silva Alonso** onde solicita Licenza de entrada en funcionamento para servicio de peluqueria.

Visto o informe do aparelador municipal Don Elias Pato Rodríguez de data 10.11.2010 no que se fan as seguintes consideracións:

“El día 9 de noviembre de 2010, giro visita al local de planta baja, local que fue adaptado para ejercer la actividad de peluquería y realizadas las correspondientes comprobaciones, tengo a bien informar favorablemente el otorgamiento de la licencia de funcionamiento para la actividad definida”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Primeiro.- Conceder Licenza definitiva de apertura a Dona **Susana Silva Alonso**, para actividade de peluqueria no baixo do inmobile sito na Estrada de Filgueira nº23, baixo.

Segundo.- Para plena efectividade da licenza deberá procederse ao pago da liquidación da taxa por licenza de apertura xirada polo Sr. Interventor cunha cuantía de 69,66 euros.

TRASMISIÓN TITULARIDADE LICENCIA.-

Solicitud de Don Cesar Manuel Garcia Álvarez con data de RE 28.01.2010 e Nº RE 529 relativo a cambio da titulariedade de local para “Elaboración y crianza de vinos” en Ventosela nº 5, Ribadavia.

A Xunta de Goberno Local COMPROBADO que o local conta coa preceptiva licenza sen que a mesma estea caducada, ademáis de que non existe modificación da actividade que se vai a realizar e que consta a autorización de Don Antonio Garcia Vazquez con DNI 34.528.311-K e mediante a que cede voluntariamente a titulariedade da actividade de “Elaboracion y crianza de vinos”, que deberá proceder o pago do importe do Imposto de Actividades Económicas a ingresar na tesoureria mediante liquidación do Interventor de data 24.01.2011 de 153,87 € e que consta informe do Aparellador municipal de que a actividade de local para “Elaboracion y crianza de vinos” cumpre coa normativa vixente.

RESULTANDO que a normativa vixente permite a transmisión da titulariedade de licencias de actividade.

ACORDA tomar coñecemento do cambio de titulariedade do local sito en Ventosela nº 5, Ribadavia con licenza para “Elaboracion y crianza de vinos” a favor de Don Cesar Marnuel Garcia Alvarez o tratarse dun acto de mera comunicación do art. 42.1º da Lei 30/92.

ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2010 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE PROXECTOS EN MATERIA DE XESTION DE RESIDUOS.-

“Vista a Orde de 29 de Decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de proxectos en materia de xestion de residuos, publicada no DOGA nº 2, de 4 de xaneiro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Prestar a aprobación a Memoria presentada acordando acollerse a devandita Orde, de acordo co artigo 4.4. da referida Orde.

Segundo.- Aceptar integramente os termos e prescricións da Orde reguladora e as condicións de financiamento previstas na Orde reguladora”.

CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA DENOMINADA ESTABLECEMENTO DE NIVEIS DE USO INTERIOR E ACTUACIONES DE AXARDINAMENTO NO INTERIOR DO CASTELO DOS SARMIENTOS.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 da obra denominada “Establecemento de niveis de uso interior y actuacións de axardinamento interior do Castelo dos Sarmientos”, redactada polos técnicos directores da obra Don Miguel A. Calvo Salve e Dona Maria Jesús Blanco Piñeiro, executada pola empresa Construcciones Hermanos Carrajo S.A. por un importe total de 159.000 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º.- Aprobado a certificación nº 1, anteriormente indicada por importe de 159.000 euros.

2º.- Aprobado a factura emitida pola empresa Construcciones Hermanos Carrajo S.A., co nº 1152, de data 30.12.10, pola mesma cantidade.”

APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación as bases para a convocatoria de subvencions a entidades deportivas 2011 debendo publicarse nos boletins pertinentes:

BASES PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS 2011

As presentes Bases e convocatoria fanse ó abeiro da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencions e da Ordenanza Xeral Municipal reguladora de subvencions aprobada polo Pleno da Corporación de data 30 de setembro de 2004 e publicada no BOP de data 22 de decembro de 2004.

OBXETO

O obxecto das presentes bases e a de subvencionar a entidades que promovan actividades de carácter deportivo orientadas a promoción do deporte de base, apoiandoas no sostenemento das mesmas, así como consolidar e promover o asociacionismo deportivo, mediante a convocatoria publica a través do procedemento de concorrencia competitiva

BENEFICIARIOS

Poderan acceder a estas axudas todo-las entidades deportivas con sede no Concello de Ribadavia, debendo estar dadas de alta no rexistro de asociacións do Concello de Ribadavia, que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritos nos rexistros deportivos correspondentes da Xunta de Galicia
- Participar en competicións oficiais
- Posuir, polo menos, un equipo de base inferior a categoría senior absoluta, no caso de disciplinas individuais posuir como mínimo cinco licenzas federativas en categorías inferiores.
- Desenvolver a súa actividade obxecto das axudas dentro do Concello de Ribadavia.

DISPONIBILIDADE ORZAMENTARIA

A financiación das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo orzamento do Cocello de Ribadavia para o exercicio 2011. Para estes efectos, serán de aplicación a esta convocatoria as seguintes regras especiais:

1. Esta convocatoria queda condicionada a existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do Concello de Ribadavia para o exercicio 2011, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nestas bases
2. A contía total máxima estimada é de tresmil euros (3.000 €)
3. A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2011, una vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento do Concello de Ribadavia para dito exercicio.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionable, derivados da participación en competicións oficiais na tempada 2010/2011 e sexan efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Os conceptos obxecto de subvención serán, exclusivamente:

- Gastos administrativos
- Adquisición de material deportivo
- Publicidade da actividade da entidade
- Adquisición , reposición do botiquín e gastos medico-farmacéuticos
- Gastos de desprazamentos a competicións
- Dereitos de arbitrase
- Licenzas , mutualidade deportiva , inscricións de equipos
- Tramites federativos

COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES

En ningún caso a suma das axudas concedidas por outras institucións , para os mesmos fins, superara o 100% do orzamento previsto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Establecendose o seguinte baremo para a concesión das axudas:

- Entidades con 100 ou mais socios, 2 puntos
- Entidades de 50 a 99 socios, 1 punto
- Promoción do deporte feminino, 3 puntos
- Número de disciplinas/modalidades da entidade, 1 punto por disciplina/modalidade
- Equipos en competición, 1 punto por equipo en competición, no caso de deportes individuais contabilizarase como equipo cando como mínimo a entidade conte con 5 deportistas federados na mesma categoría

- Cualificación do/s técnicos que dirixan a actividade, 0,5 puntos por cada técnico de base , 1 punto por cada técnico superior
- Nivel da competición na que participan
- Participación de equipos/deportistas en competicións de ámbito autonómico, 1 punto
- Participación de equipos/deportistas en competicións de ámbito nacional, 2 puntos
- Orzamento destinado a actividade:
 - Ata 1.200 Euros , 1 punto
 - De 1.201 a 3.000 Euros , 2 puntos
 - Mais de 3.001 euros , 3 puntos
- Ingresos que xenera a actividade a desenvolver sen contar subvencións das administracións públicas:
 - Ata o 30% do orzamento, 1 punto
 - Ata o 50% do orzamento , 2 puntos
 - Ata o 70% do orzamento , 3 puntos
- Antigüidade da entidade, 0,1 puntos por ano, ata un máximo de 10 anos
- Número total de licenzas
 - De 20 a 40 , 1 punto
 - De 40 a 60 , 2 puntos
 - Mais de sesenta , 3 puntos

PRAZOS, LUGAR DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN QUE DEBERAN PRESENTAR

As solicitudes presentaranse nos modelos que o propio Concello facilitará dentro do prazo conferido o efecto.

O prazo para a presentación de solicitudes será de dez días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación das bases e da convocatoria.

DOCUMENTACIÓN

1. Solicitude dirixida o Alcalde-presidente do Concello de Ribadavia (Anexo I)
2. Fotocopia do CIF
3. Certificación da conta bancaria expedida polo banco ou caixa correspondente
4. Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse a entidade ó di anas suas obrigas tributarias e de Seguridade Social(Anexo II)
5. Declaración do solicitante no que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas ou concedidas de outras entidades públicas (Anexo III)
6. Fotocopia do libro rexistro de altas e baixas de socios, asinado polo secretario da entidade.
7. Calendarios de competición oficial, certificados pola respectiva federación ou entidade organizadora da mesma(Deporte escolar,Copa Deputación etc.)
8. Certificado expedido pola respectiva federación galega , acreditando o o número de categorías en competición oficial así como o número de licenzas da entidade na tempada 2010/2011.

9. Orzamento anual de ingresos e gastos da temporada actual(Anexo IV) e liquidación da anterior(Anexo V), desglosados para a que se solicita a axuda.
10. Relación de técnicos e a súa cualificación específica en cada modalidade deportiva

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os que obteñan axudas quedan obrigados a :

- Desenvolver a actividades de acordo co proxecto presentado
- Informar o Servizo Municipal de Deportes de calquera cambio significativo que se produza no programa.
- A difusión e publicidade das actividades subvencionadas onde deba figura-lo logotipo do Concello de Ribadavia e do Servizo Municipal de Deportes
- Xustificalo emprego da subvención recibida mediante presentación de facturas ou xustificantes de gasto, así como unha memoria xustificativa, que deba recoller: cartelería, dípticos, etc..., posibles recortes de prensa, así como unha reportaxe de fotos da actividades/es
- Facilitar o técnico ou técnicos do SMD, que se designen, a inspección da actividade.
- O incumprimento das obrigas anteriores podería dar lugar á anulación da subvención concedida.

ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN

XUSTIFICACIÓN

A xustificación deba realizarse ante o Concello de Ribadavia antes do 30 de Setembro do 2011, presentando a seguinte documentación:

- Memoria explicativa según se detalla nas obrigas do beneficiarios
- Facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente, con validez tanto a nivel surídico mercantil, administrativo ou laboral, por importe como mínimo equivalente a cantidade subvencionada e coa acreditación de estas pagas.
- Declaración de que as actividades foron financiadas ca subvención
- Relación desagregada de todo-os ingresos: fondos propios, subvención concedida e outras achegas para a mesma finalidade, indicando importes e procedencias.

PAGAMENTO:

O pago realizarase unha vez xustificada de xeito completo a subvención concedida, mediante transferencia a conta corrente sinalada pola entidade beneficiaria, podendo realizarse un primeiro aboamento de ata o 50% da subvención, previa xustificación parcial dos gastos por ese importe a partir do intre en que se sea notificado o acordo de concesión.

ORGANO INSTRUCTOR

A competencia de instrucción do procedemento de concesión corresponderalle ó director do Servizo Municipal de Deportes. Realizaranse de oficio cantas actuacións estime

necesarias para a determinación,coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formula-la proposta de resolución.

COMISIÓN AVALIADORA

Para os efectos previstos no artigo 22.1 da LXS, o órgano colexiado competente para a proposta da concesión estará composta polo alcalde, concelleiro de Deportes, o director do Servizo Municipal de Deportes e un representante de cada grupo político presente na Corporación.

A Resolución será ditada pola Xunta de Goberno Local no prazo máximo de dez días dende a data de remate de presentación de solicitudes e daráse-lle publicidade desta a traves do taboleiro de anuncios.

ANEXO I

SOLICITUDE SUBVENCIONS PARA A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O

2011

D./Dna. _____ con NIF _____
con enderezo na rúa _____ de _____
código postal _____ con teléfono _____, enderezo electrónico
_____, como presidente da entidade _____
con domicilio na rúa _____ de _____
código postal _____ con teléfono nº _____ con CIF _____
inscrito no Rexistro de asociacións deportivas e deportistas de Galicia co número
_____ constituída no ano _____, ante VI.

EXPÓN

Que a entidade que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria de subvencións do ano 2011 para ENTIDADES DEPORTIVAS .

Asume tódolos compromisos reflectidos na devandita convocatoria e acompaña a documentación esixida nesta.

SOLICITA

Unha subvención de _____ euros .

Ribadavia a , _____ de _____ de 20

(Selo) (Sinatura)

**ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE
RIBADAVIA(OURENSE).**

ANEXO II

DECLARACIÓN

D./Dna. _____, con DNI nº
_____, en representación de _____

DECLARO:

- Non atoparme incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade ós que se refire o artigo 13.2 d) da Lei xeral de subvencións.
- Que a entidade ou organismo ó que represento non se atopa incurso/o en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións do Concello de Ribadavia as que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.
- Que a entidade ou organismo o que represento esta ó día nas súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social.

E para que conste , para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración en Ribadavia o _____ de _____ de 20

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.